



Roteiro cultural 2016



IES Miraflores



Bibliotecas Públicas
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

Organización: Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros, Servizo de Normalización Lingüística e IES Miraflores

Coordinación:

- Rosa García Vilariño
- Susana López González do Departamento de Lingua e Literatura Galega do IES Miraflores
- Biblioteca Central Rialeda
- Servizo de Normalización Lingüística

Profesorado: Susana López González (Departamento de Lingua e Literatura Galega) e Andrés Gabín (Departamento de Matemáticas)

Alumnado: Alicia Santalla, Tirso Fernández, Laura García, Bruna Frazao, Jacqueline Allo, Juan López, Noa Ramos, Celia Montserrat, Luisa Motos, Alexandre Casanova, Sabela Pintos, Alicia Gutiérrez, Comba Vázquez, Laura Pan, Claudia Bazán, Julia Balado, Lorena Lois, Almudena Pérez, Laura Saleta, María Lourido, Leticia Fernández, Adelaida Soengas, Sofía Sánchez, Gemma Varela, Diego Carreira, Sara Estévez, Lara Martínez, Jorge Puertas, Adrián Villadóniga, Andrés Castro, Isaac Martínez, Pablo Barbeito, Jorge Valdés, Andrés Rodríguez, Javier Barcia e Iago Busto de 1º de bacharelato (Curso 2015-2016)

Depósito legal: C 744 - 2016


Agradecementos a:

- Charo Lloréns e fillos
- Familias Juega e Molinelli de Mera

Diseño e maquetación: Departamento de Comunicación do Concello de Oleiros

Edición: Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros e Servizo de Normalización Lingüística

A Mercedes Agra Ramírez. In memoriam.



ROTEIRO CULTURAL E LITERARIO

2016



Liáns

(En 1969 establécese a orixe de Lopo de Liáns na mesma parroquia de Liáns)



Mera

(Casa onde veraneou Francisco Lloréns Díaz)



A Rabadeira

(Neste lugar estivo o domicilio de nacemento de José Barral Souto)



ROTEIRO CULTURAL E LITERARIO

*Francisco Lloréns, Lopo de Liáns
e José Barral Souto*

Esta actividade organízase entre o Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais, o Servizo de Normalización Lingüística e o IES Miraflores.

Consistirá no recorrido por distintos lugares do municipio nos que viviron diferentes persoas ilustres, como unha homenaxe a todas elas. Comezaremos nas Torres de San Cruz onde se proxectarán imaxes (acompañadas dunha breve explicación) de diversas obras de Francisco Lloréns; trasladarémonos a Mera, unha das localidades nas que veraneou este insigne pintor; marcharemos para a igrexa de Santa María de Dexo, co obxecto de coñecer unha igrexa románica que nos axudará a situarnos na Idade Media, época na que viviu Lopo de Liáns, a continuación iremos para a parroquia de Liáns, onde lembraremos a este egrexio trovador; finalizaremos na praza da Rabadeira en Oleiros, para facer a homenaxe ao importante matemático José Barral Souto.

Os obxectivos que se pretenden conseguir son:


- Dar a coñecer diferentes persoas ilustres que viviron no Concello de Oleiros.
- Mellorar o coñecemento de patrimonio e espazos do termo municipal de Oleiros.
- Promover a lectura.

A FRANCISCO LLORENS

*...“Dios te garde! Ben-vido,
fillo de bendición, que nos teus lenzos
para gloria da Terra e gloria túa,
nos fixeches eternos!*

*E as roseiras de Lóngora
teranche de ofrecer o seu recendo
desfollando as rosíñas ó teu paso
na paz e na dozura do sendeiro!”*

Ramón Cabanillas, 1921





rancisco Lloréns Díaz nace o 10 de abril de 1874 e, aínda que procede de familia burguesa dedicada aos negocios, o menor dos tres fillos de don José Lloréns Batista, comerciante catalán, asentado na Coruña e dona Paulina Villar, vai combinar estudos de comercio coa súa vocación cara ao debuxo. Por seguir o consello paterno matricúlase na recoñecida Escola Oficial de Comercio na que vai conseguir rematar os seus estudos, mais atendendo á súa afección e co beneplácito familiar ingresa na Escola de Artes e Oficios coruñesa. Alí contará como profesor con Román Navarro, quen tamén o fora, e na mesma escola, do adolescente Pablo Picasso.

Dadas as boas trazas artísticas e certo recoñecemento local coruñés polas súas obras, a familia non se opón a que continúe a formación artística. Así en 1892 está en Madrid

para ampliar os estudos na Escola Superior de Belas Artes de San Fernando e inicia nela, baixo a dirección do profesor Carlos Haes (con quen tamén estudara Serafín Avendaño), o seu interese pola paisaxe máis ca polo retrato ou outras temáticas. A súa estancia en Madrid, ademais das clases regradas posibilita outros coñecementos como as reiteradas visitas ao Museo do Prado coa execución de réplicas de Velázquez, Murillo ou Rubens, a asistencia ao obradoiro de Sorolla en 1893 e a amizade con outros pintores como José Benlliure, Carlos Lezcano e Manuel Benedito. En Madrid vai participar nas Exposicións Nacionais de Pintura de 1895 e 1899 con obras como *Retrato, Capricho de carnaval, Apuntamentos* e *No xardín* que van ser galardoadas con mencións honoríficas. En 1897 na Coruña obtén o primeiro encargo de temática paisaxística para o Casino coruñés.

Lloréns procura a maneira de saír de España para ampliar e favorecer a súa formación e obtén mediante oposición a bolsa para realizar estudos en Roma. Nesta convocatoria de 1899-1901 acadan este galardón Sotomayor, para a temática denominada historia, e Lloréns, para a paisaxe. O 30 de abril de 1901 sae de Coruña con parada en Barcelona onde mantén contacto con Rusiñol, Casals e Gaudí. A estancia de catro anos en Roma ábrele as portas de toda Europa e así, ademais de Italia con visitas a Milán, Venecia e Boloña, vaise achegar a París cuxos pintores impresionistas e fundamentalmente, Paul Cézanne, van deixarlle fonda pegada. Continuará a viaxe cara a Bélxica e a luz e paisaxe de Bruxas farán que quede arredor dun ano. Na súa estancia en Bruxas toma apuntamentos e pinta rúas e casas da cidade que se reflicten nos cadros *Canal de Bruxas*, *Barcas de Bruxas*, *Apuntamentos dunha praza de Bruxas*, etc. Mentres tanto, a pintura vaise enriquecendo coa súa experiencia e asimilando influencias

que transforma en propia pincelada orixinal e novidosa. Remata en Roma co premio extraordinario de bolseiro e o rei italiano, Vitor Manuel adquire para a súa colección particular dúas obras tituladas por Lloréns, *Campesiñas de Flandres* e *Entre rochas*, as cales segundo a crítica espellan a influencia sorolliana e luminista.



Bocexo para *Campesiñas de Flandres*

O regreso a Galicia, pasada a tempada en Europa, supón un gran cambio na obra do pintor pois a súa experiencia e coñecementos van facer que mire a súa terra coa ollada madura que se detén ante a paisaxe querida que o devolve en parte ao paraíso fermoso da infancia. O espertar á paisaxe propia nace nas Mariñas. O pintor veranea en Perillo e Mera, percorre Galicia con limpa e digna ollada e desta contemplación paisaxística nacen os seus mellores cadros. A luz que o abraíara en Roma e Bruxas atinxía na súa terra outras luminosidades, sombras e brétemas na natureza galega que se combinaban perfectamente co verde dos campos e a beleza do mar.

En canto ao seu desenvolvemento artístico destaca a súa activa participación nas exposicións de arte galega con rotundo éxito en Santiago, na Coruña, en Madrid e tamén en Bos Aires. Na exposición de Santiago en 1909, que coincide en Ano Santo, realiza o

seu cartel anunciador de trazo moi conservador e moi próximo á pintura da época con personaxes moi tópicos como a moza galega e o peregrino, mentres que para os carteis deportivos confeccionados para a inauguración do actual Real Club Deportivo da Coruña, toma como modelos damas de alta sociedade con perfil estilizado e elegante seguindo as pautas do cartelismo publicitario catalán. Na mesma mostra están tamén presentes Castelao, Díaz Valiño, Asorey e Corredoira.



Cartel para o Real Club Deportivo da Coruña

A segunda exposición en 1917 vai ter lugar na Coruña. Inaugúraa a mesma dona Emilia Pardo Bazán e os organizadores son o propio Lloréns, Sotomayor e Seijo Rubio. Están presentes ademais os artistas galegos do momento como Bello Piñeiro, Manuel Abelenda, ambos os dous excelentes paisaxistas, Carlos Sobrino, Asorey, Castelao e Corral González. Nesta ocasión Lloréns presenta algunha das obras que o consagraron como *O castiñeiro*, *Ría de Mera*, *Costas galegas*, *San Cosme de Maianca*, *O porto de Santa Cruz*, *A barra de Santa Cristina*. Do ano anterior 1915 dátanse dous óleos co mesmo motivo *O piñeiro de Xaz* e *O piñeiro de Montrove*.


A exposición é moi seguida, reseñada e destacada pola prensa do momento e desata nos círculos intelectuais e artísticos certa polémica. Así *A Nosa Terra* louva o acontecemento e a importancia artística de todos os participantes aínda que se amosa crítico



O piñeiro de Montrove. Óleo sobre lenzo. 1915

coa concepción idealista dos aldeáns de Sotomayor. O fundador das Irmandades, Antón Villar Ponte deixa noutro número do semanario o seu desacordo coas opinións da sempre polemista, dona Emilia Pardo Bazán que no xornal madrileño *La Nación* non consideraba que existise *unha escola galega de pintura*. Con todo e co motivo da clausura, o semanario das Irmandades

escribía: “*Foi unha da cousas máis serias, máis solenes máis trascendentes que se fixeron endexamais na nosa terra. Dende logo a máis formosa e culta de cantas poda haber lembranza na Cruña. Foi un acto galeguista puro...*”



Co seu casamento en 1918 con Eva Rodríguez, filla do recoñecido e popular médico Rodríguez, amplía as súas relacións sociais que seguirá tratando tamén en Madrid. Entre as novas relacións destacamos o deputado coruñés Ramón Tenreiro, Rey Soto, Cabanillas, quen lle dedicará un par de poemas. Mais tamén, e con anterioridade, coñecemos a súa amizade con dona Emilia Pardo Bazán e a súa asistencia aos faladoiros literarios desta e aos musicais protagonizados por Marcial de Adalid e a súa dona Francisca González, poeta e tradutora coñecida como Eulalia de Liáns. O veraneo polas terras oleirenses facían posible estes encontros estivais, onde tamén se encontraban dona Sofía Casanova e o seu esposo. Estas ocasións propiciarían os seus cadros ambientados no fermoso pazo de Lóngora, que se nos amosa en todo o seu esplendor *O xardín do pazo de Lóngora e Xardín do pazo de Marcial de Adalid.*



Xardín do pazo de Lóngora. Óleo sobre lenzo. 1924


Aínda que o retrato non é unha temática moi presente no noso pintor, realiza algún preferentemente á familia, muller e fillas e sábese do retrato a Pardo Bazán, que se perdeu, e o dedicado a Basilio Álvarez, fundador dos sindicatos agrarios *Acción Gallega e Solidariedade Gallega*, que foi destruído en 1936, aínda que se conservan fotos deste. O pincel de Lloréns neste retrato logra transmitir a

forte personalidade e pulo vital do fundador do movemento agrarista. Como homenaxe póstumo a dona Emilia Pardo Bazán, Lloréns vai realizar o deseño gráfico para o libro ***Cadros relixiosos*** da autora coruñesa, que se edita en 1925.



Retrato da miña filla Eva. Óleo sobre lenzo. 1924

Lloréns desenvolve nestes anos sucesivos un importante traballo que acada o recoñecemento merecido. Son momentos felices no ámbito familiar e profesional. Amplía as súas viaxes por toda Galicia e dos seus apuntamentos nacen fermosos cadros que expresan a mellor factura do seu talento. Son os cadros dedicados a Betanzos, Sada e Combarro. En 1920 nace a súa filla Eva,



Praia de Bastiagueiro. Óleo sobre lenzo. 1930

participa na Exposición Nacional en Madrid onde presenta ***Remanso e Praia de Bastiagueiro***, encárgase da decoración do teatro do balneario de Mondariz entre cuxas paredes se aco-




Interior. Óleo sobre lenzo. 1919

llerá os novos membros da Real Academia Galega, os seus amigos Ramón Cabanillas e Rey Soto. Finalmente, en 1922 vai recibir a medalla de ouro polo cadro titulado ***Rías Baixas***, que hoxe en día forma parte da colección da Universidade de Santiago de Compostela. En 1924 recibe a homenaxe dos seus paisanos na Coruña e continúa a súa participación nas exposicións de arte que teñen lugar tanto en Madrid, como en Bos Aires, Bélxica ou Holanda.

O 26 de xaneiro de 1925 nace a súa segunda filla, Rosario, e trinta e seis días despois falece a súa esposa. Este triste acontecemento e a orfandade das dúas fillas van alimentar en Lloréns certo retraemento social e unha dor persoal que apenas pode superar. Acepta realizar as pinturas dos frisos do pavillón de Galicia para a exposición iberoamericana que ten lugar en Sevilla en 1929. Para esta ocasión tomará apuntamentos con veciños e pescadores de Mera pois o friso que diseña leva por título ***Friso da pesca***. E volve ao cartelismo cunha magnífica obra sobre A Coruña para a mesma exposición.




*Detalles das obras
para o friso da
Exposición de Sevilla
do Pavillón de
Galicia. 1929*



Nestes anos de finais da década dos anos vinte e comezo dos 30 constan os seus veraneos coas súas fillas entre Perillo e Mera. Lloréns é afeccionado a grandes camiñadas e con eses apuntamentos trazará máis tarde os fermosos cadros inspirados nas nosas paisaxes oleirenses, *A arboriña*, *A braña*, *Mera*, *Costa de Mera*. O periodista Bugallal Marchesi, de raíces oleirenses, deixa constancia disto con reportaxe fotográfica e escrita da presenza do pintor. Importantes críticos e escritores, Otero Pedrayo, Fernández Flórez, Ramón Cabanillas, Rafael González Villar, Ramón M^a Tenreiro, Cotarelo Valledor e Méndez Casal apreciaron a súa obra e entregaron o seu aplauso ao mellor paisaxista sen dúbida de Galicia.

Coa guerra civil en 1936, a súa situación en Madrid, con fillas aínda moi cativas, sen apenas recursos e co temor pola perda da súa obra inicia dolorosos anos de penalidades e doenzas. Primeiro en Valencia onde intenta

seguir coa pintura con óleos inspirados no xardín botánico e para cando regresa a Galicia -1940- atópase espiritual e fisicamente esgotado. Recibe premios e honores e pasa a ser membro da Academia de Belas Artes e correspondente da Academia da Lingua Galega. Foi condecorado coa gran cruz da orde de Carlos III e a Gran Cruz da Coroa de Bélxica.



A braña. Óleo sobre lenzo. 1930 (?)

Lloréns, malia os sabores que recibe do réxime franquista, parece regresar con maior pulo á pintura e reinicia a súa participación nas exposicións nacionais, e presenta no Salón Cano de Madrid os seus últimos traballos en vida, ***Ría de Betanzos, Praia de Sada, Ría da Pasaxe, Fontán***, que son moi ben acollidos por crítica e prensa.

Por último, decepcionado pola falta de apoio para acadar a cátedra de Paisaxe na Escola de Bellas Artes de Madrid, enferma gravemente e falece o 11 de febreiro de 1946.

Hoxe Oleiros agradécelle o amor por esta terra e os numerosos e fermosos cadros que a inmortalizan e garda a súa memoria dedicándolle unha rúa no centro do Concello.



Casa onde veraneou o pintor Francisco Lloréns Díaz, en Mera

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- ALVARELLOS CASAS, Henrique. *Santiago, 1909: Centenario da Exposición Rexional Galega*. Santiago de Compostela: Alvarelllos, Consorcio de Santiago, 2009, páx. 23-24 e 131
- *ARTISTAS galegos. Pintores. Tomo III: o rexionalismo I*. Editor, Carlos del Pulgar Sabín. Vigo: Nova Galicia, 1997, páx. 64-74; 91; 98-99
- BUGALLAL, José Luis. “*Francisco Lloréns, pintor de Betanzos*”. EN: *Anuario brigantino*. Betanzos: Concello de Betanzos, 1949, nº 2, páx. 13. Dispoñible en: <http://anuariobrigantino.betanzos.net/Ab1949PDF/1949-03.pdf> [Consulta 07/03/2016]
- BUGALLAL, Isabel. “*Tardes de estío en Lóngora*”. EN: *La Opinión Coruña* [en liña]. 23/06/2013. Dispoñible en: <http://www.laopinioncoruna.es/contraportada/2013/06/23/tardes-estiolongora/735462.html> [Consulta 07/03/2016]
- CABANILLAS, Ramón. *Poesía galega completa*. Edición de Xosé María Dobarro e Xosé Ramón Pena. Vigo: Xerais, 2009, páx. 856-858.
- *CER.ES: Red Digital de colecciones de Museos de España* [en liña]. Dispoñible en: <http://ceres.mcu.es/pages/SimpleSearch?index=true> [Consulta 07/03/2016]
- *COLECCIÓN de arte Abanca* [en liña]. Dispoñible en: <http://coleccion.abanca.com/gl/> [Consulta 07/03/2016]
- *COLECCIÓN de arte Afundación* [en liña]. Dispoñible en: <http://coleccion.afundacion.org/> [Consulta 07/03/2016]

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- “FRANCISCO Lloréns”. EN: *Galipedia* [en liña]. Dispoñible en: https://gl.wikipedia.org/wiki/Francisco_Llor%C3%A9ns [Consulta 07/03/2016]
- “FRANCISCO Lloréns Díaz”. EN: *Wikipedia* [en liña]. Dispoñible en: https://es.wikipedia.org/wiki/Francisco_Llorens_D%C3%Adaz [Consulta 07/03/2016]
- *A GALICIA moderna, 1916-1936: [exposición], Centro galego de Arte Contemporánea, Santiago de Compostela, 16 decembro 2004-20 marzo 2005; Círculo Bellas Artes, Madrid, 14 abril-22 maio 2005*. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Centro Galego de Arte contemporánea, [2005], páx. 59-62
- *GRAN Enciclopedia Gallega*. Santiago de Compostela: Silverio Cañada, 1974, T. 20, páx. 11-15.
- *GRAN Enciclopedia Galega* Silverio Cañada. Lugo: El Progreso, 2003, T. 26, páx. 96-99.
- LUNA, Juan J. *Francisco Lloréns y su tiempo*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1988.
- MÉNDEZ CASAL, Antonio. “*La exposición de arte gallego. Pintura, escultura, arquitectura, artes industriales*”. EN: *ABC*. 01/07/1928, páx. 10-12. Dispoñible en: <http://hemeroteca.abc.es/> [Consulta 07/03/2016]
- MÉNDEZ CASAL, Antonio. “*El pintor gallego Francisco Lloréns*”. EN: *Blanco y Negro: revista ilustrada*. Madrid: Prensa Española, 14/09/1924, nº 1739, páx. 39-41. Dispoñible en: <http://hemeroteca.abc.es/> [Consulta 07/03/2016]

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- MÉNDEZ CASAL, Antonio. *“Lloréns es un gran artista simplificador...”*. EN: *Anuario brigantino*. Betanzos: Concello de Betanzos, 1949, nº 2, páx. 14. Dispoñible en: <http://anuariobrigantino.betanzos.net/Ab1949PDF/1949-03.pdf> [Consulta 07/03/2016]
- *MUSEO de Belas Artes da Coruña* [en liña]. Dispoñible en: <http://museobelasartescoruna.xunta.es/> [Consulta 07/03/2016]
- *MUSEO del Prado: colección de arte* [en liña]. Dispoñible en: <https://www.museodelprado.es/coleccion> [Consulta 07/03/2016]
- *MUSEO del Prado: enciclopedia* [en liña]. Dispoñible en: <https://www.museodelprado.es/aprende/enciclopedia> [Consulta 07/03/2016]
- REAL Academia de Bellas Artes de San Fernando. Archivo-Biblioteca. *Cargos y títulos académicos [1752-2015]* [en liña]. Dispoñible en: <http://realacademiabellasartessanfernando.com/assets/docs/cargos/cargosytitulos.pdf> [Consulta 07/03/2016]
- RODRÍGUEZ, Antón S. *“Monet, Renoir... y Lloréns”*. EN: *La Voz de Galicia*. 15/10/2015, páx. L10
- SOBRINO MANZANARES, María Luisa. *O Cartelismo en Galicia desde as súas orixes ata 1936*. Sada: Ediciós do Castro, 1993, páx. 21-27 e 54-69

O trobador búrlase da mesquiña aparencia de quen monta un cabalo salvaxe, de quen está gordo de máis e emprega unha sela inadecuada e estragada.

*Desto son os **zevrões** (cabalo asilvestrado e por metonimia, cabaleiro groseiro)*

De ventura minguada:

*erguense nos **arções** (parte arqueada e final da sela)*

*da sela **canterlada**, (estragada, rota)*

*e dando os **nadigões**; (aumentativo de nádegas)*

*e disse a **ben talhada**: (alude á doncela ou á dama)*

-Maa sela tragedes,

por que a non cosedes?

-Maa sela levades,

Por que a non atades?

(CBN.1343; CV. 950)



(Versión actual: Estes cabaleiros groseiros de escasa fortuna, érguense coas súas grandes nádegas sobre o remate da sela rota e dixo a doncela: Ruín sela de montar traedes, ruín sela de montar levades. Por que non a cosedes?, por que non a atades?).

S

eguramente don Lopo de Liáns, ou Lopo Lias, sexa un persoeiro moi pouco coñecido entre os veciños de Oleiros. E iso que este tro-

bador pertence a unha das páxinas máis fermosas e interesantes da nosa literatura, á literatura medieval. O corpus literario galego-portugués representa a Idade de Ouro da nosa historia literaria, pois os principais trobadores da Península nesta época foron galegos ou portugueses e os foráneos tamén trobaban na nosa lingua. O prestixio acadado foi tal que, agás nos territorios cataláns e musulmáns, toda a Península Ibérica compuxo en galego-portugués durante o século XIII. Cómpre lembrar que deste espléndido período conservamos dúas mil composicións entre cantigas sacras e profanas e contamos con case 153 compositores de moi diversa liñaxe desde reis, infantes, cabaleiros e nobres e tamén xograres ou fillos do pobo, sen liñaxe

ningunha que ousaron traspasar as barreiras sociais e compoñer aínda que isto estaba en principio, reservado soamente para a nobreza.



Don Lopo de Liáns como trovador galego e cabaleiro presenta na súa biografía e orixe diversos camiños que a día de hoxe amosan incertezas.

O nome de Lopo provén do cognome latino *Lupus* “lobo” e foi nome moi espallado na Idade Media, ademais o lobo é animal totémico e apreciado no medievo pois as calidades positivas do animal cobizábanse presentes tamén nas da liñaxe que o portaba. Hoxe en día mantense *Lopo* como apelido aínda que a forma derivada *López* rexistra unha maior frecuencia. Vai ser a partir do seu nome, que o noso trovador foi identificado durante case sesenta anos con don Lopo Díaz de Haro, sexto señor de Biscaia. Axudaron a este equívoco o nome de pía *Lopo*, a lectura errada do apelido *Lias/Dias*, as mesmas datas vitais -primeiras décadas do s. XIII-, e a súa presenza na corte do rei de Castela, don Fernando III. Mantiveron durante máis de cincuenta anos este dato

tanto dona Carolina Michäelis como o propio Menéndez Pidal, expertos filólogos no estudo da literatura medieval galego-portuguesa.

Tradicionalmente entre os estudosos galegos como Martínez Salazar ou Manuel Murguía sostíñase a orixe galega do trovador e se cadra orixinaria de Lugo. Así na propia capital lucense conta cunha rúa dedicada á súa figura.

Con todo, traemos a este roteiro oleirense a don Lopo de Liáns porque desde **1969**, o filólogo italiano e erudito da lírica medieval galego-portuguesa, Silvio Pellegrini establece a súa orixe na nosa parroquia de Liáns. Cita na súa obra **"Il canzonere de D. Lopo Liáns":** *E Liáns, qualunque sia l' esatta spiegazione di questo patronimico, non è un' ipotesi: esiste presso La Coruña, nel municipio di Oleiros, la parrocchia de Santa Eulalia de Liáns, forse in qualche modo relazionata col nostro trovatore*”.

A partir deste traballo aceptado pola comunidade científica espállase que o berce de don Lopo de Liáns vén sendo a parroquia de Santa Eulalia pertencente ao concello coruñés de Oleiros. Deste xeito vai aparecer na **Enciclopedia Galega**, no **Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa**, organizado e coordinado polos profesores Giulia Lanciani e Giuseppe Tavani e no **Dicionario da Literatura Galega, Tomo I** da editorial Galaxia e outros.

Hoxe en día novas análises das cantigas do trovador e a aparición de documentación descoñecida ata agora, coma un texto datado de 1219 do Tombo C do Arquivo da Catedral de Santiago, que atopou e estudou o profesor da USC, don José Antonio Souto Cabo e que se publica

no ano 2011, indica que a filiación da orixe de don Lopo volve mergullarse na incerteza ou que polo menos o berce da parroquia de Liáns non ofrece seguridade. O profesor Souto Cabo inclínase polo apelido *Lias* que viría do patronímico *Elías*, “*fillo de Elías*”, pois así parece que o indican documentos de Toxosoutos, Catedral de Santiago e testemuños das propias cantigas.



Se ben a orixe ou berce de don Lopo volve estar en discusión non sucede o mesmo coa obra nin coa época literaria á que pertence. En canto á cronoloxía situamos o noso escritor entre 1190 e 1260, é dicir, no primeiro cuarto do século XIII, e polos investigadores da súa obra coñecemos da súa estadía e presenza na corte castelá de Fernando III. Tamén o trovador lucense Johan Romeu lle dedica unha cantiga e na rúbrica ou presentación da composición sinala que Lopo Liáns era cego dun ollo: *Esta cantiga de cima fez Joam Romeu, um cavaleiro que morava em Lugo, a Dom Lopo Lians, porque era cego d'um olho*. E na propia cantiga louva as artes do noso trovador destacando que era pavelo e argallante: *mais Lopo Lias estede constante:/como foi sempre um gram jogador*. Desta cantiga contamos cunha versión musicada polo cantautor Miro Casabella.



Igrexa románica de Santa María de Dexo

Como autor literario don Lopo de Liáns compuxo un descordo e 19 cantigas de escarnio e maldicir, cuxos textos se atopan no Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa e no Cancioneiro da Vaticana. A súa obra en conxunto, segundo os eruditos, resulta orixinal e de grande interese polas innovacións e propio estilo do noso trovador. Como vemos o único xénero polo que se interesou é o do escarnio e maldicir, e tanto o léxico empregado coma a versificación adoptada configuran un autor senlleiro e digno de estudo.


Entre as 19 composicións, don Lopo presenta un grupo de 12 arredor de catro cabaleiros de Monforte de Lemos que conforman o fío narrativo burlesco máis extenso e orixinal do cancioneiro de burlas. Os motivos de escarnio van ser as súas cabalgaduras, que o trovador denomina “zevroes” por seren cabalos salvaxes, *inapropiados* para cabaleiros e así aproveita para aldraxalos como

Antoloxía de
cantigas de
escarnio e
de maldicir



homes *groseiros e brutos* moi lonxe da nobreza que se cren. Os outros motivos burlentos van arredor das súas selas de montar que sempre *van renxendo* e no seu ruxe-ruxe anuncian a súa presenza, preséntanse ademais coas súas vestiduras mal amañadas e en definitiva formas e actitudes pouco cabaleirescas e nada épicas.

Outro grupo de cantigas do autor, en total 6, están dedicadas á burla de mulleres, neste caso tema común e tópico en todo o cancionero de burlas. As aldraxes a mulleres de mala vida ou maos costumes forman parte da literatura universal.



Por último, reproducimos dúas cantigas de don Lopo.

A primeira trata da burla dirixida a un escudeiro por pretender ser cabaleiro sen ter os recursos necesarios para tal condición. O autor, na súa presentación ou rúbrica, deixa constancia disto: “*non era bem fidalgo*”, é dicir, doutra condición social, que é o que merece o reproche. O trovador en forma dialogada búrlase do escudeiro que apenas ten para comer nin con quen comer e que sendo cabaleiro tería que manter o seu exército.

Rúbrica: Esta cantiga fez como respondeu um escudeiro que nom era bem fidalgo e queria seer cavaleiro; e el non'o tinha por dereito e diss'assi.

*- Escudeiro, pois armas queredes, (queredes armas, é dicir, ser cabaleiro)
dized'ora com quem comedes. (dicide con quen comedes)*

*- Dom Fernando, comer-mi-ei sol, (comerei só,)
ca assi fez sempre meu avol. (pois así o fixo sempre meu avó)*

*- Pois armas tanto desejades,
buscad'ante com quem comiades.*

*- Dom Fernando, comer-mi-ei sol,
ca assi fez sempre meu avol.*



A segunda *Muito mi praz d'ua rem* forma parte do conxunto dedicado ás mulleres. Na rúbrica característica do estilo do noso autor dísenos como a dona foxe do seu marido pois sentíase moi compracida co propio autor.

Rúbrica: Outrossi fez este cantar de mal dizer aposto a ãa dona que era mui meninha e mui fremosa e fogueu ao marido; e a el prazia-lhi.

*Muito mi praz d'ũa rem
que fez Dona Marinha:
nom quer seu marido bem,
e soub'a pastorinha
fogir.
Mal haja quem nom servir
dona fremosa que fogir!*

*Ela fez end'o melhor,
a Deus seja gracido:
molhercinha tam pastor
saber a seu marido
fogir.*

*Mal haja quem nom servir
dona fremosa que fogir!*

*[Vedes] qual é meu sabor:
haverem ambos guerra;*

*e bem taste mia senhor
verrá-s'a nossa terra
guarir.*

*Mal haja quem nom servir
dona fremosa que fogir!*

En definitiva, lembremos que entre 1969 e 2011 don Lopo de Liáns ou Lías foi veciño noso e que, se as novas pescudas o levan a outras terras, aproveitemos sempre para visitar o noso cancionero medieval, que del e doutros trovadores herdamos e iso sempre será de todos nós.



BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- **ANTOLOXÍA da lírica galego-portuguesa.** Edición de Xosé Bieito Arias Freixedo. Vigo: Xerais, 2003, páx. 112-119; 157-168; 580-585.
- BELTRÁN, Vicenç. “*Lopo Liáns, em cas da ifante*”. EN: *Medievalismo en Extremadura. Estudos sobre Literatura y Cultura Hispánicas de la Edad Media*. Edición de J. Cañas Murillo, F.J. Grande Quejigo e J. Roso Díaz. Cáceres: Universidad de Extremadura, 2009, páx. 633-639. Dispoñible en: http://www.academia.edu/9776593/Lopo_Li%C3%A1ns_em_cas_da_ifante [Consulta 07/03/2016]
- **CANTIGAS de escarnho e de maldizer: (e outras híbridas e dos xéneros menores): antoloxía.** Edición de Manuel Ferreiro Fernández e Carlos Paulo Martínez Pereiro. Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega, 1996. Páx. 7-15; 152-155.
- **DICIONÁRIO da literatura medieval galega e portuguesa.** Lisboa: Caminho, 1993, páx. 424-425.
- **DICCIONARIO da literatura galega. Tomo I: autores.** Vigo: Galaxia, 1995, páx. 346-347.
- **DICCIONARIO dos nomes Galegos.** Dirixido por Xesús Ferro Ruibal; autores, Ana Isabel Boullón Agrelo. . . [et al.]. Vigo: Ir Indo, D. L. 1992, páx.333-334.
- **ENCICLOPEDIA Galega Universal.** Vigo: Ir Indo, 2002, T. 11, páx. 255.
- **GALICIA. Literatura. Tomo 30: a Idade Media.** Edición de Francisco Rodríguez Iglesias. A Coruña: Hércules de Ediciones, 2000, páx. 180; 209-211; 270-284.

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- **GRAN Enciclopedia Galega Silverio Cañada.** Lugo: El Progreso, 2003, T. 26, páx. 199.
- **GRAN Enciclopedia Gallega.** Santiago: Silverio Cañada, 1974, T. 19, páx. 170-172.
- **HISTORIA da literatura galega.** Dirixida por Alberte Ansedo Estraviz e Cesáreo Sánchez Iglesias. Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega, 1996, T. 1, páx. 33-64.
- LOPES, Graça Videira; FERREIRA, Manuel Pedro [et al.]. **“Lopo Lias”.** EN: **Cantigas Medievais Galego Portuguesas** [en liña]. Lisboa: Instituto de Estudos Medievais, FCSH/NOVA. Dispoñible en: <http://cantigas.fcsh.unl.pt> [Consulta 07/03/2016]
- PELLEGRINI, Silvio. **“Il canzoniere di D. Lopo Liás”.** EN: **Annali Sezione Romanza.** Nápoles: Istituto Universitario Orientale, 1969, XI, 2, páx. 155-192.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier. **Os documentos do tombo de Toxos Outos.** Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2004, páx. 1-16; 161-162; 697-699; 790; 818; 832-833.
- RODRIGUES LAPA, Manuel. **“O trovador D. Lopo Lias. Introdução ao estudo do seu Cancioneiro”.** EN: **Grial**, nº 12, abril-xuño 1966, páx. 129-148. Dispoñible en: <http://www.cervantesvirtual.com/obra/num-12-1966/> [Consulta 07/03/2016]
- SOUTO CABO, José Antonio. **“Lopo Lias: entre Orzelhao e Compostela”.** EN: **Diacrítica**, nº 25/1. Braga: Universidade do Minho, Centro de Estudos Humanísticos, 2011, páx. 109-133.

...“Debemos pensar en los contingentes crecientes de jóvenes que aspiran a hacerse un lugar en la sociedad, no menos holgado que el de los que ya lo tienen; y no es el caso de legarles a ellos cargas que no les corresponden y que se contraponen a sus aspiraciones.

La solidaridad social no es materia de imposición, sino de sentimiento”.

(Bases para el estudio del equilibrio y la estabilidad del régimen jubilatorio)





osé Barral Souto, galego de nación, oleirense por nacemento e arxentino por adopción, amosa na súa biografía unha das vías de maior perda que pode sufrir un país como é a fuga de cerebros. Ben é certo que Barral Souto emigra moi de neno coa súa familia pois nace un 23 de outubro de 1903 con domicilio na praza da Rabadeira e non volvemos ter datos seus ata os estudos de

REGISTRO/REXISTRO CIVIL DE OLEIROS (A Coruña)
(Bilingüe)

CERTIFICADO: Que la presente Certificación literal, expedida con la autorización prevista en el Art. 29.2 del Reglamento del Registro Civil, la que contiene la reproducción íntegra del asiento a que se hará referencia a continuación. (En lengua Castellana).

CERTIFICADO: Que a presente Certificación literal expedida con autorización prevista no Artigo 29.2 do Regulamento do Rexistro Civil a que coñecida a reprodución íntegra do asento correspondente e que se dá a continuación. (En lingua Galega).

Obxecto en/na Sección: 1ª. Tomo: 31. Páxina/Páxinas: 123 v. k.

De este/Deste Registro/Rexistro Civil:

EL/O JUEZ/JUZA DE PAZ: EL/O OPT. SECRETARIO/A

Juan Ramón Carle López
Claudio Álvarez Crespo

22 SET. 2015

MINISTERIO DE JUSTICIA
REGISTROS CIVILES

Nº 4047388 / 09

Certificación Original

En la fecha y en el lugar que se indica en el presente documento, yo, el Jefe del Registro Civil, don Juan Ramón Carle López, Jefe del Registro Civil de Oleiros, en virtud de la autorización prevista en el Art. 29.2 del Reglamento del Registro Civil, la que contiene la reproducción íntegra del asiento a que se hará referencia a continuación. (En lengua Castellana).

Certificación Original

En la fecha y en el lugar que se indica en el presente documento, yo, el Jefe del Registro Civil, don Juan Ramón Carle López, Jefe del Registro Civil de Oleiros, en virtud de la autorización prevista en el Art. 29.2 del Reglamento del Registro Civil, la que contiene la reproducción íntegra del asiento a que se hará referencia a continuación. (En lengua Galega).


Obxecto en/na Sección: 1ª. Tomo: 31. Páxina/Páxinas: 123 v. k.

De este/Deste Registro/Rexistro Civil:

EL/O JUEZ/JUZA DE PAZ: EL/O OPT. SECRETARIO/A

Juan Ramón Carle López
Claudio Álvarez Crespo

secundaria, xa en Bos Aires, Arxentina, entre os anos 1916 e 1920. Polo tanto a súa formación, desenvolvemento e oportunidades recíbeas na nación arxentina e cando accede á súa nacionalización o 23 de xullo de 1928 conta xa con vinte e cinco anos.



A Rabadeira. Neste lugar estivo o domicilio de nacemento de José Barral Souto

A formación académica e científica de Barral Souto oriéntase cara ao mundo da economía e a súa aplicación á empresa, seguros e negocios. Aos 18 anos comezou os estudos universitarios na Facultade de Ciencias Económicas, hoxe Escola Superior de Comercio “Carlos Pellegrini”. O 9 de marzo de 1921 ingresa no doutoramento en Ciencias Económicas da Universidade de Bos Aires. Catro anos despois -o 19 de maio de 1925- obtén o título de Contador Público Nacional, é dicir, adquire o grao profesional para exercer a contabilidade en calquera empresa ou negocio. Posteriormente e sempre no ámbito da economía, amplía a súa formación durante catro anos na Facultade de Ciencias Físico-Matemáticas da Universidade Nacional de La Plata, preto da cidade de Bos Aires. Alí obtivo o doutoramento de Ciencias Físico-Matemáticas.

Nestes anos tamén vai ingresar no Instituto de Economía Bancaria onde dirixe traballos

prácticos dos seus alumnos encamiñados cara á estatística. Entre 1929 e 1931 estes intereses sociais sobre a economía lévano a estudar a carreira de Actuario, é dicir, estudos que o van levar a aplicar modelos estatísticos e matemáticos para avaliar riscos nas industrias aseguradoras e financeiras e isto combinouno con estudos de Biometría. Comprobamos polo tanto que as súas materias preferidas no estudo e na investigación son a matemática actuarial, a estatística e a biometría. Así o seu primeiro traballo publicado denominarase *“Cálculo de la tasa efectiva de un título”* e a tese de doutoramento *“Expresión de la renta vitalicia mediante unha serie potencial entera de la variación del tipo de interés”* que acadou a cualificación de sobresaliente.

A partir do seu doutoramento consolida a súa carreira e faise presente na sociedade científica arxentina e internacional tanto a través das súas clases como das diversas

investigacións que vai publicando entre 1934-1935 *“Sobre la desigualdad de Steffensen”*, *“Una demostración de la desigualdad de Tchebicheff”* ou *“Una desigualdad finita”*, *“Cinco valores interesantes de una media general”*, *“Sobre la desigualdad de Jensen”* *“Estudio de la derivada de una media general”* e *“Alrededor del signo de una derivada”*.

O traballo científico e máis importante de Barral Souto publícase en 1941 e leva por título *“Principios fundamentales de la división del trabajo”*. O profesor galego-arxentino introduce por vez primeira conceptos que hoxe son comúns, pero para 1941 son orixinais e innovadores. Os termos de optimización e eficiencia aplicados á economía, á organización empresarial, aseguradoras e bancos. Por iso non é sorprendente atopar o economista como asesor de casinos tal como nolo indica un dos seus biógrafos. Barral Souto é consciente da importancia universal

e científica da súa teoría ao propoñer solucións a través de inecuacións lineais e superar deste xeito o problema dos custos comparados.

Así o profesor Wassily Leontief, Premio Nobel de Economía en 1973, nunha visita a Bos Aires coñeceu os *“Principios fundamentales de la división del trabajo”* de Barral Souto, valorándoo como anticipación da esencia do método de programación lineal na teoría económica. Leontief promoveu a súa tradución ao inglés, que realizou Dagnino Pastore, arxentino e alumno do Nobel ruso, e foi publicada no International Economic Papers no ano 1967.

Ao situarmos cronoloxicamente o traballo científico de Barral Souto con outras investigacións de colegas contemporáneos podemos observar a súa característica de pioneiro e de precursor da denominada programación lineal. Así George Bernard Dantzig, profesor estadounidense, conside-

rado o pai da programación lineal, achega en 1947, catro anos máis tarde, solucións con esta formulación para os problemas de loxística e alimentación que teñen as forzas armadas de USA das que el era asesor matemático. Posteriormente en 1975 acadan o Premio Nobel de Economía, Leonid Kantoróvich e Tjalling Koopmans, pola súa contribución á programación lineal. O primeiro dá a coñecer o seu traballo en 1939 e o segundo en 1942. Polo tanto entre todos eles tamén se debera citar con igual mérito o noso autor.

En canto á súa descrición persoal, os seus alumnos e colegas describen unha persoa traballadora, deportista e melómana. Non nos consta ningunha viaxe a Galicia nin de lecer, nin por motivos de traballo. Pero no seu país de adopción recibe un merecido recoñecemento e ocupa diversos cargos de responsabilidade e tamén honoríficos. Pasa de membro do Instituto Interamericano de

Estatística a vicepresidente e presidente honorario. Desde 1971 vai ser profesor emérito da Universidade de Bos Aires. Finalmente, o economista faleceu o 15 de novembro de 1976. Sinalamos que a cadeira 19 da Academia Nacional de Ciencias Económicas que deixou baleira Barral Souto herdouna, Vicente Vázquez Presedo, profesor de Economía e coma el, emigrante oleirense.



Facultade de Ciencias Económicas. Universidade de Bos Aires

Por último, destacar desde a figura de Barral Souto a importante e enorme achega que



traslada á sociedade a emigración. Certamente a carón da dor, do desarraigo e dos problemas de adaptación que cómpre superar podemos contrapoñer a riqueza recíproca de recibir e dar.



BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- **“ACADÉMICOS de número ano 1966”**. EN: *Anales de la Academia Nacional de Ciencias Económicas* [en liña]. Bos Aires: Academia Nacional de Ciencias Económicas, 1966, Vº XI, páx. 5. Disponible en: <http://www.anceargentina.org/site/trabajos/Anales%201966.PDF> [Consulta 07/03/2016]
- BARRAL SOUTO, José. **“Principios fundamentales de la división del trabajo”**. EN: *Revista de Ciencias Económicas*. Bos Aires: 1941, ano XXIX, serie II, núm. 236, (marzo), páx. 175-191 e (abril), páx. 285-315.
- BARRAL SOUTO, José. **“Fundamental Principles of the Division of Labour”**. EN: *International Economic Papers*. Londres: 1967, núm. 12, páx. 31-62.
- **“BIOGRAFÍA de George Bernard Dantzig”**. EN: *PHPSimplex* [en liña]. Disponible en: http://www.phpsimplex.com/biografia_Dantzig.htm [Consulta 07/03/2016]
- CAMPANARIO, Sebastián. **“El equipo de los sueños”**. EN: *Clarín* [en liña]. 12/06/2005. Disponible en: <http://edant.clarin.com/suplementos/economico/2005/06/12/n-00401.htm> [Consulta 07/03/2016]
- **“CRÓNICA: la reunión anual de la UMA”**. EN: *Revista de la Unión Matemática Argentina* [en liña]. Bos Aires: Unión Matemática Argentina, 1963, Vº. XXI, nº 3, páx. 143-160. Disponible en: <http://inmabb.criba.edu.ar/revuma/pdf/v21n3/p143-160.pdf> [Consulta 07/03/2016]

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- DAGNINO PASTORE, José María. **“Homenaje al doctor José Barral Souto”**. EN: *Anales de la Academia Nacional de Ciencias Económicas* [en liña]. Bos Aires: Academia Nacional de Ciencias Económicas, 2003, Vº XLVIII, 2003, páx. 145-150. Dispoñible en: http://www.anceargentina.org/site/trabajos/Anales_ANCE_2003.pdf [Consulta 07/03/2016]
- **“ECONOMISTAS argentinos: José Barral Souto”**. EN: *Udesavirtual* [en liña]. Dispoñible en: <http://udesavirtual.edu.ar/virtual/campusvirtual.udesavirtual.edu.ar/moodledata/repository/Cursos/DE%20PABLO%20ECONOMIA%20I/1-15.pdf> [Consulta 07/03/2016]
- FERNÁNDEZ LÓPEZ, Manuel. **“Barral Souto at his centennial: his scientific contribution”**. EN: *The Journal of Management and Economics* [en liña]. Bos Aires: Universidad de Buenos Aires, Facultad de Ciencias Económicas, 2003, Nº 7, nov. Dispoñible en: <http://www.econ.uba.ar/servicios/publicaciones/> [Consulta 07/03/2016]
- FERNÁNDEZ LÓPEZ, Manuel. **“La revolución científica de José Barral Souto”**. EN: *Anales de la Academia Nacional de Ciencias Económicas* [en liña]. Bos Aires: Academia Nacional de Ciencias Económicas, 2003, Vº XLVIII, páx. 151-160. Dispoñible en: http://www.anceargentina.org/site/trabajos/Anales_ANCE_2003.pdf [Consulta 07/03/2016]
- FERNÁNDEZ LÓPEZ, Manuel. **“Centenario de José Barral Souto: o xenio galego que anticipou a programación lineal”**. EN: *Revista Galega de Economía* [en liña]. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2004, Vº. 13, Nº 1-2, páx. 395-405. Dispoñible en: https://www.usc.es/econo/RGE/Vol13_1_2/Galego/doc2g.pdf [Consulta 07/03/2016].

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- FERNÁNDEZ LOPEZ, Manuel. **“Una semblanza del Dr. José Barral Souto”**. EN: ***La Gaceta de Económicas*** [en liña]. Bos Aires: Universidad de Buenos Aires, Facultad de Ciencias Económicas, 31/12/2000, Nº 5, páx. 3-5. Disponible en: <http://www.econ.uba.ar/servicios/publicaciones/La-Gaceta/Ga0105.pdf> [Consulta 07/03/2016]
- **“JOSÉ Barral Souto”**. EN: ***Timerime*** [en liña]. Disponible en: <http://timerime.com/> [Consulta 07/03/2016]
- **“JOSÉ Barral Souto: padres, abuelos paternos y maternos”**. EN: ***Foros.Xenealoxía.org-apellidos de Galicia*** [en liña]. Disponible en: <http://foros.xenealoxia.org/viewtopic.php?f=16&t=7072&p=22128&hilit=barral+souto#p22128> [Consulta 07/03/2016]
- **“LEONID Kantoróvich”**. EN: ***Biografías y vidas*** [en liña]. Disponible en: <http://www.biografiasyvidas.com/biografia/k/kantorovich.htm> [Consulta 03/07/2016]
- **“PORTAL educativo: historia da estatística pública: personalidades galegas: Barral Souto”**. EN: ***Instituto Galego de Estatística*** [en liña]. Disponible en: <http://www.ige.eu/estatico/educacion/Historia/Personalidades.htm> [Consulta 07/03/2016]
- REXISTRO Civil de Oleiros. ***Inscripción de nacemento de José Barral Souto 23/10/1903***.
- **“SOBRE la Unión Matemática Argentina”**. EN: ***UNIÓN Matemática Argentina*** [en liña]. Disponible en: <http://www.union-matematica.org.ar/institucional?cod=historia-de-la-uma> [Consulta 07/03/2016]

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- **“TJALLING Koopmans”**. EN: *Biografías y vidas* [en liña]. Disponible en: <http://www.biografiasyvidas.com/biografia/k/koopmans.htm> [Consulta 03/07/2016]
- UNIVERSIDAD de Buenos Aires. Facultad de Ciencias Económicas. *Catálogo da Biblioteca Profesor Emérito Alfredo L. Palacios* [en liña]. Disponible en: <http://biblio.econ.uba.ar/> [Consulta 07/03/2016]
- UNIVERSIDAD de Buenos Aires. Facultad de Ciencias Económicas. *Instituto de Investigaciones en Administración, Contabilidad y Métodos Cuantitativos para la Gestión* [en liña]. Disponible en: <http://home.econ.uba.ar/economicas/iadcom> [Consulta 07/03/2016]
- **“VICENTE Vázquez Presedo”**. EN: *Fundación Konex* [en liña]. Disponible en: http://www.fundacionkonex.com.ar/b197-vicente_v%C3%A1zquez_presedo [Consulta 03/07/2016]
- VILLAR, Marta. **“El oleirense que pudo ser premio Nobel”**. EN: *La Opinión Coruña* [en liña]. 01/07/2013. Disponible en: <http://www.laopinioncoruna.es/gran-coruna/2013/06/30/oleirense-pudo-premio-nobel/737719.html> [Consulta 07/03/2016]
- **“WASSILY Leontief”**. EN: *Biografías y vidas* [en liña]. Disponible en: <http://www.biografiasyvidas.com/biografia/l/leontief.htm> [Consulta 03/07/2016]



Bibliotecas Públicas Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

■ Biblioteca Central Rialada:
Avda. Rosalía de Castro, 227A
15172 Perillo - Oleiros
Telf.: 981 639 511- Fax: 981 639 996
biblioteca.rialeda@oleiros.org

Catálogo do fondo bibliográfico

<http://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/>

Visita o noso blog:
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Síguenos en [@biblOLEIROS](https://twitter.com/biblOLEIROS)



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

www.oleiros.org

Agradecementos:

Queremos expresar o noso agradecemento ás persoas que cederon fotografías para a súa utilización nesta publicación e ás que permitiron fotografar os distintos edificios.





Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



Bibliotecas Públicas
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

IES Miraflores

